<ul style="list-style-type: none"> - Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Uso de estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais breves, básicos e contextualizados. - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións básicas e cotiás (identificar unha persoa, transmitir horarios, notas, costumes ou hábitos). - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: intercambiar información sobre cuestións cotiás; instrucións e ordes básicas; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións sinxelas; expresar o gusto ou o interese e emocións moi básicas; enlazar frases de forma sinxela para narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciado sucesos futuros; expresar a opinión; dar explicacións moi sinxelas; realizar hipóteses moi básicas; expresar en textos moi sinxelos a posibilidade e a dúbida. - Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso moi común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos, organización e estruturación segundo o xénero (narrativo, descritivo e instrutivo). - Utilización de unidades lingüísticas básicas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, accións, sucesos etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (distancia, dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (datación, frecuencia, secuencia...), formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas. - Utilización de léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo a identificación persoal, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, estudos, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural. - Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas básicas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Utilización de convencións e estratexias conversacionais elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra, comparar, colaborar etc. - Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais etc.). - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados. - Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes e estudantes da lingua estranxeira. - Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos e de frases feitas e locucións básicas para elaborar os propios textos.

Contidos

- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de uso máis común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos etc.; e os costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas básicas e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
9	Atividades de tempos livres. Música. Livros e escritores. Ilustração e escrita. Jogos coletivos. Imperativo.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Redactar textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, e mensaxes e notas moi sinxelos con información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	Redactar textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, e mensaxes e notas moi sinxelos con información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	PE	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer o sentido global e información relevante e previsible en textos orais, escritos e multimodais breves, sinxelos e estruturados con conectores moi básicos, sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, propios dos ámbitos persoal, educativo e público, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Extraer o sentido global e información relevante e previsible en textos orais, escritos e multimodais breves, sinxelos e estruturados con conectores moi básicos, sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia		
CA1.2 - Comprender a información esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social que aborden conversas, narracións e/ou descricións predicibles, e presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico, e co apoio de imaxes moi redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente traballados e que no caso da oralidade estean articuladas moi claramente, con ritmo pausado, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez.	Comprender a información esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social que aborden conversas, narracións e/ou descricións predicibles, e presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico		
CA1.3 - Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes de textos sinxelos e básicos: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes de textos sinxelos e básicos: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais	TI	96
CA1.4 - Comprender descricións, narracións, instrucións e opinións claras formuladas a través de diversos soportes de xeito simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese traballados previamente, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito con ritmo pausado.	Comprender descricións, narracións, instrucións e opinións claras formuladas a través de diversos soportes de xeito simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese traballados previamente		
CA1.5 - Producir oralmente textos curtos e moi sinxelos, a partir de modelos sinxelos e básicos, sobre temas cotiáns e habituais pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, reparando os erros básicos de pronuncia.	Producir oralmente textos curtos e moi sinxelos, a partir de modelos sinxelos e básicos, sobre temas cotiáns e habituais pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, reparando os erros básicos de pronuncia.		
CA1.7 - Completar formularios e documentos moi básicos nos que se solicite información persoal, en soporte tanto impreso como dixital.	Completar formularios e documentos moi básicos nos que se solicite información persoal, en soporte tanto impreso como dixital.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Aplicar e compartir coñecementos e estratexias básicas para producir textos escritos (adecuación á persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	Aplicar e compartir coñecementos e estratexias básicas para producir textos escritos (adecuación á persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final)		
CA1.9 - Participar en situacións interactivas breves e sinxelas, producindo textos intelixibles e reparando os erros básicos de pronuncia cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	Participar en situacións interactivas breves e sinxelas, producindo textos intelixibles e reparando os erros básicos de pronuncia cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.		
CA1.10 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave se o necesita e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave se o necesita e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.		
CA1.11 - Interactuar respondendo e facendo preguntas e dando e comprendendo informacións sinxelas, relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos, afeccións e intereses etc.), así como instrucións e peticións relativas ao ámbito escolar.	Interactuar respondendo e facendo preguntas e dando e comprendendo informacións sinxelas, relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos, afeccións e intereses etc.), así como instrucións e peticións relativas ao ámbito escolar.		
CA1.12 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.		
CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.		
CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información simple e previsible, de interese inmediato, de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, carteis, programas, folletos, palabras de menús, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Transmitirlles a terceiras persoas información simple e previsible, de interese inmediato, de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, carteis, programas, folletos, palabras de menús, horarios etc.		
CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, identificando aqueles factores socioculturais máis evidentes que dificulten a comunicación, e usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, identificando aqueles factores socioculturais máis evidentes que dificulten a comunicación		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico, reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico, reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.		
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira		
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas		
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.		
CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos.	Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos.		
CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.		
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.)		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
~ Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante

Contidos

- do proceso de aprendizaxe.
- Uso de estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais breves, básicos e contextualizados.
- Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións básicas e cotiás (identificar unha persoa, transmitir horarios, notas, costumes ou hábitos).
- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: intercambiar información sobre cuestións cotiás; instrucións e ordes básicas; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións sinxelas; expresar o gusto ou o interese e emocións moi básicas; enlazar frases de forma sinxela para narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciación sucesos futuros; expresar a opinión; dar explicacións moi sinxelas; realizar hipóteses moi básicas; expresar en textos moi sinxelos a posibilidade e a dúbida.
- Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso moi común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos, organización e estruturación segundo o xénero (narrativo, descritivo e instrutivo).
- Utilización de unidades lingüísticas básicas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, accións, sucesos etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (distancia, dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (datación, frecuencia, secuencia...), formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.
- Utilización de léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo a identificación persoal, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, estudos, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural.
- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas básicas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra, comparar, colaborar etc.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais etc.).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes e estudantes da lingua estranxeira.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos e de frases feitas e locucións básicas para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de uso máis común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.

Contidos

- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos etc.; e os costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas básicas e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica será activa, no intento de acadar aprendizaxes significativas e cunha utilidade práctica. Para iso, a profesora presentará brevemente os contidos das unidades e a continuación o alumnado realizará un amplo número de actividades de comprensión e expresión oral e escrita relacionados cos contidos presentados. Para traballar a comprensión e a expresión oral utilizaranse con frecuencia gravacións de audio e DVDs en lingua portuguesa.

Utilizaranse, sempre que sexa posíbel, audicións musicais e proxeccións de filmes en portugués, debido á alta motivación que presenta o alumnado cara a este tipo de actividades.

Usarase a Internet para coñecer a xeografía dos países lusófonos, os medios de comunicación portugueses, institucións portuguesas relevantes, acontecementos históricos... Así mesmo, tentaremos contactar por Internet con alumnos doutros centros que estuden ou sexan portugueses. Este método centrase no aprendizaxe e pretende axudalo e motivalo a descubrir e aprender a lingua e a cultura portuguesas dun xeito significativo e lúdico, procurando estimulalo para a mediación intercultural.

A metodoloxía seguida sitúase no dominio do achegamento comunicativo e recoñece as contribucións do achegamento por competencias e por tarefas. É neste ámbito onde se propón unha aprendizaxe progresiva, reflexiva, atenta, dinámica e construtiva. Centrarémonos en diferentes temas de comunicación, en función dos cales se mobilizan saberes e se desenvolven competencias (gramatical, lexical, fonolóxica, sociocultural e cultural), no sentido de facilitar a execución de tarefas comunicativas específicas.

Ao longo do curso imos sustentar a metodoloxía nos seguintes principios:

Motivación: trataremos de atraer a atención do alumnado con contidos, métodos e propostas que estimulen a súa curiosidade e alimenten o seu afán por aprender.

Interacción omnidireccional no espazo-aula:

1.1 Profesorado-alumnado: a docente estará en comunicación permanente co alumnado, quen se verá interpelado a establecer conexións con ideas previas ou con outros conceptos, e así verá facilitada a súa aprendizaxe a través dun diálogo vivo e enriquecedor.

1.2 Alumnado-alumnado: o traballo colaborativo, os debates e a interacción *¿entre pares¿* son fonte de enriquecemento e aprendizaxe, e introducen unha dinámica na aula que transcende unhas metodoloxías pasivas que non desenvolven as competencias.

1.3 Alumnado consigo mesmo: autointerrogándose e reflexionando sobre a súa propia aprendizaxe; o alumnado será consciente do seu papel e adoptará de xeito activo.

Aprendizaxe activa e colaborativa: apoiámonos en ocasións en estruturas de aprendizaxe cooperativa, de forma que, a través da resolución conxunta de tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias empregadas polos seus compañeiros e poidan aplicalas a situacións similares.

Equilibrio entre coñecementos e procedementos: As Tecnoloxías da Información e a Comunicación deberán incorporarse á práctica docente da aula como ferramentas habituais de comunicación e aprendizaxe. O alumnado debe adquirir as destrezas que lle permitan ser protagonista do seu proceso de aprendizaxe e non simple receptor de información. Á súa vez, deberá aprender a protexerse e protexer os demais dun uso inadecuado das TIC e, mediante

elas, deberá desenvolver actitudes de interese, respecto e aceptación doutras realidades culturais diferentes, concibindo as TIC como unha fiestra aberta ao mundo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libros de referencia: De lado a lado, Porto Editora (2015)

Emprego de material audiovisual, fichas, xornais dixitais, filmes, e actividades na aula virtual

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Entendemos a avaliación como un proceso continuo cunha orientación formativa.

Partiremos dunha exposición inicial para situar alumnos e alumnas na secuencia de aprendizaxe adecuada ao seu nivel; analizaremos as causas das dificultades de aprendizaxe e reorientaremos o proceso de ensino-aprendizaxe para superar as deficiencias detectadas. Nesta área terán prioridade, á hora de avaliar, os procedementos e destrezas adquiridas así como as actitudes cara ao emprego da lingua portuguesa. Ademais das probas obxectivas de carácter individual, serán instrumentos de avaliación as actividades habituais do alumnado, a observación sistemática mediante fichas de seguimento e rexistro de datos, a produción de textos escritos, manexo de fichas, adquisición de información a través das novas tecnoloxías..., ben individual ou colectivamente. Valorarase positivamente o hábito da lectura e o interese pola cultura portuguesa.

A avaliación tamén servirá para detectar e paliar as interferencias lingüísticas.

AVALIACIÓN INICIAL:

Realización de probas escritas e orais ao comezo do curso para determinar os coñecementos e competencias do alumnado, tanto dos que se achegan por primeira vez a esta materia, como os adquiridos en cursos anteriores. O resultado será levado á avaliación inicial onde se proporán medidas para aquel alumnado que estea afastado do nivel do curso, así como para aqueles que non respecten as normas de convivencia. O alumnado que se matricule en Portugués sen cursar esta materia o ano anterior fará unha proba de nivel, de comprensión e expresión escrita e oral. Ademais, desde o primeiro momento en que o alumnado se incorpore ao grupo seranlle entregadas unha serie de fichas complementarias coas estruturas gramaticais e as áreas lexicais básicas, preparándoo progresivamente para expresarse de xeito eficaz. Esta unidade cero é como unha preparación previa, unha primeira aproximación á lingua que van estudar, facilitándolles a súa aprendizaxe e contribuíndo á rápida e eficaz integración no grupo. O alumnado, pola súa parte, debe comprometerse a realizar estes traballos. Coa axuda da profesora, o alumnado deberá, progresivamente, realizar tarefas de autoaprendizaxe, fomentando así aprendizaxes autónomas e adquisición de competencias no campo da auto-avaliación. A profesora incentivará ademais a creación dun glosario individual do/a alumno/a, nun pequeno caderno ou en soporte dixital, que permita a organización dunha rede conceptual de estruturas léxicas, estruturando a adquisición de vocabulario por parte do alumnado ao longo do ano.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	15	15	10	10	10	100
Proba escrita	8	9	13	4	4	5	5	10	4	7
Táboa de indicadores	92	91	87	96	96	95	95	90	96	93

Crterios de cualificación:

Para a obtención das cualificacións teranse en conta os seguintes aspectos:

a) Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra, a avaliación é continua, progresiva e sumativa. O valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso, o que serve de recuperación.

b) Levaranse a cabo probas e tarefas de orde diverso que permitan avaliar o grao de adquisición dos diferentes obxectivos e contidos nas cinco destrezas.

Entre as probas, poderanse propor probas escritas de comprensión e expresión, tanto oral como escrita, e mediación, probas de adquisición de léxico e conxugación, probas de pronuncia, etc.

Entre as tarefas, poderase propor a realización e exposición de traballos monográficos e/ou doutro tipo, nos que se valorarán diversos aspectos dependentes da unidade didáctica na que se encaixen.

c) As probas e tarefas valoraranse de 0 a 10 puntos, tendo unha ponderación diferente dentro da unidade didáctica segundo as súas particularidades.

d) A cualificación trimestral obterase da seguinte forma:

- Probas e tarefas escritas: 50%

- Proba oral: 20%

- Traballo diario: actividades de clase, elaboración de tarefas na casa, e participación na aula: 30%

Sendo a suma total o 100% correspondente á cualificación de cada avaliación.

e) A cualificación da avaliación final obterase da suma das cualificacións trimestrais ponderadas segundo se recolle nesta programación (20%, 30%, 50% respectivamente). Se a docente o considera axeitado, pode realizar unha ponderación diferente á anterior.

f) O redondeo farase á alza á unidade inmediatamente superior, sempre que se cumpran os seguintes requisitos (todos):

- A décima da nota real resultante da ponderación deberá ser igual ou superior a 5.

- Sempre que non se teñan 3 ou máis faltas de deberes acumuladas no trimestre.

- Ter entregado todas as tarefas e proxectos requiridos en cada trimestre.

Cada alumno ou alumna ten que recuperar aquilo no que non ten acadado os obxectivos propostos ou onde non é capaz de cumprir coas competencias, de modo que:

- Terá que rectificar a súa actitude se aí está a súa dificultade.

- Deberá facer ou rectificar aqueles traballos que non fixo no seu momento ou fíxese de modo non satisfactorio.

- Deberá volver a estudar os contidos conceptuais ou procedimentais se esa é a súa insuficiencia.

Así, a recuperación axustarase á realidade do alumnado. A profesora informará ao seu alumnado sobre o momento máis oportuno para a realización das probas ou traballos necesarios.

O procedemento a realizar será escollido pola profesora en función da súa adecuación á unidade en cuestión e ás deficiencias detectadas.

Crterios de recuperación:

a) Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra, o valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso, o que serve de recuperación.

b) Aplicaranse medidas de reforzo educativo cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado, tratando de garantir a obtención dos obxetivos imprescindibles para continuar o proceso educativo.

c) Rematada a 3ª avaliación, o alumnado que non acadase o 5 sobre 10 no cálculo da cualificación da avaliación final, deberá realizar as probas e/ou as tarefas das destrezas nas que non acadou o grao mínimo de consecución. As cualificacións das destrezas superadas conservaranse e non deberá avaliarse novamente delas.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

a) O alumnado que promocionou coa materia pendente será convocado a unha primeira xuntanza pola Xefatura do Departamento ao inicio de curso. Recibirá información do plan de reforzo que se levará a cabo. Elaborado polo profesorado que imparte a materia, este plan ten como referentes os obxectivos da materia e a adquisición das competencias.

De todo este procedemento, así como do seu contido, informarase igualmente ao profesorado titor deste alumnado.

b) As datas de realización das probas serán programadas pola Xefatura de Estudos e publicadas na web do centro.

c) Ao longo do curso o alumnado poderá entregar tarefas que contribuirán á avaliación, titorizados polo profesorado da materia (se a cursa no presente curso) ou pola xefatura do Departamento (se non a cursa actualmente).

Proporanse tarefas que fomenten a adquisición das competencias claves e específicas, traballarán a transversalidade e, na medida do posible, a interdisciplinariedade.

d) O alumnado será convocado polo seu profesorado ou pola Xefatura do Departamento (se non cursa a materia no presente curso). Nesas xuntanzas o alumnado presentará o traballo que leva realizado para que o profesorado poida facer un seguimento e reorientalo se fose preciso.

f) O alumnado, para superar a materia, deberá acadar un mínimo de cinco (5) puntos sobre dez (10).

h) Nas xuntas de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e realizaranse os axustes necesarios.

i) Na avaliación final do curso en que estea escolarizado, o profesorado da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación. En caso de non estar a cursar a materia no presente curso, corresponderalle á Xefatura do Departamento.

6. Medidas de atención á diversidade

A clave está en garantir o avance de todo o alumnado. Deben evitarse lagoas conceptuais, competencias insuficientemente traballadas e, en definitiva, frustracións por non acadar cada alumna ou alumno, dentro dos principios de atención individualizada e educación inclusiva, todo aquilo do que é capaz. Así proporanse actividades con diferentes niveis de dificultade e actividades de reforzo en cada unidade didáctica.

Tipos de textos orais e escritos, cuxa complexidade deberá ser a apropiada ao nivel do alumnado:

Oral:

Anuncios (instrucións e indicacións).

Contactos sociais.

Conversas face a face

Presentacións, entrevistas ou vídeos.

Músicas ou audiolibros.

Escrito:

Fichas.

Listaxes horarias, catálogos, páxinas amarelas, guías e folletos.

Correspondencia persoal (cartas, postais, correos, telefax, invitacións, felicitacións, cartóns de visita).

Anuncios (instrucións e indicacións).

Carteis, letreiros e sinais.

Textos literarios adecuados ao nivel. Libros.

Textos de publicacións periódicas.

Banda deseñada.

Manuais de instrucións.

Notas e mensaxes.

Dicionarios.

Formularios e cuestionarios.

As orientacións metodolóxicas teñen como obxectivo fundamental contribuír para que o alumnado desenvolva a competencia comunicativa a través das catro destrezas básicas: comprensión oral, comprensión escrita, produción oral e produción escrita.

Farase especial énfase na comunicación oral, que debe ter como referente situacións comunicativas variadas, dentro de contextos debidamente adaptados a cada nivel de aprendizaxe. Os intercambios comunicativos daranse en dous tipos de situacións: as habituais da

clase e as creadas polo profesorado. Para iso, resulta imprescindible realizar un esforzo na práctica docente que asegure e poña en primeiro plano a adquisición de destrezas orais, como alicerces básicos da comunicación.

Fomentar a participación oral é unha tarefa complicada, que se vai intentar lograr implicando o alumnado desde o inicio da clase. Así, perante o tema, procurárase unha sensibilización que permita introducir o texto ou mostra real do que derivara a clase. Tras a audición,

lectura ou conversa por parte do alumnado (comprensión escrita ou oral), o profesorado convida os alumnos e alumnas a expresaren as súas reaccións ante a mostra, as súas opinións, a súa comprensión... resolvendo ou procurando solucións conxuntas ás dúbidas; será desas dúbidas de onde se deriven as explicacións que sexan necesarias e mesmo os exercicios gramaticais. Así, ao longo de cada unidade, sen seguir unha orde estrita, traballaremos Comprensión Oral e Escrita; Expresión Oral e Escrita e Interacción. Con este obxectivo realizaranse, para alén de probas escritas, probas orais que valoren o esforzo e o progreso do alumnado e o motiven para continuar desenvolvendo a súa competencia oral.

Nas primeiras leccións, tratarase de lles proporcionar unha confianza nos seus coñecementos da lingua portuguesa, facéndoo conscientes dos mesmos grazas ao uso da lingua galega, animándoo, así, a confiaren nas altas posibilidades de formularen actos de fala correctos e a evitaren o medo ao ridículo que se adoita encontrar nas aulas. Intentaremos tratar e recoñecer o erro como parte integrante e orientadora do proceso de aprendizaxe e como algo natural, do mesmo xeito que ocorre na lingua que usan habitualmente.

As actividades de aprendizaxe constitúen o núcleo da planificación didáctica e nelas intégranse os obxectivos, contidos e avaliación.

No deseño das actividades hai que ter en conta as etapas a seguir no seu desenvolvemento, os coñecementos do alumnado, o tratamento da lingüística, destrezas e estratexias, os logros finais que se pretenden conseguir e as posibilidades de adaptación á diversidade da aula. O método que utilizamos pretende que o alumnado aprenda as novas estruturas e o novo vocabulario, nomeadamente os *“falsos amigos”* dunha forma funcional.

O obxectivo de cada unidade é sempre dar información sobre diferentes aspectos da cultura e a vida cotiá portuguesa e lusófono; e coñecendo a cultura, costumes e tradicións portuguesas, o alumnado terá que usar as estruturas e o vocabulario aprendido para comparar a cultura estranxeira coa propia, aprendendo á vez a respectar a diversidade. Teñen especial interese os diversos textos -cartas, diálogos, tiras de banda deseñada, mapas...- que o profesorado deberá completar con outros materiais reais que considere oportunos e teña á súa disposición (xornais, revistas, cómics, publicidade...). Mais, dada a prioridade que concedemos á oralidade, faise indispensable a actuación do profesorado, que debe ocuparse da correcta e clara articulación das palabras; os xestos, a repetición, a boa articulación... serán axuda para o alumnado. Documentos de audio e vídeo que, dunha forma mínima, permitan a inmersión fónica na lingua van ser, pois, imprescindibles. Alén diso, cada unidade conta cun apartado de Oralidade, que intenta chamar a atención sobre a pronuncia peculiar dalgúns grafemas do portugués. Por outra parte, na aprendizaxe dunha lingua é normal que todo o que se estuda supoña un repaso do aprendido anteriormente, mais, neste caso, tamén contamos con Unidades de Revisión.

Co obxectivo de reforzar o aprendido na clase, e avanzar ao mesmo tempo, propóranse nalgunha ocasión exercicios para a casa,

como redaccións, cartas, lecturas de pequenos textos, exercicios interactivos, etc. É claro que a corrección destes exercicios faise de xeito común, na clase, participando tod@s niso.

As unidades están organizadas de maneira que, a partir de diálogos (auditivos, en moitos casos) ou textos escritos, se presentan os diferentes aspectos gramaticais e o vocabulario.

O mesmo ocorre coa oralidade: búscase a interacción verbal profesorado-alumnado ou alumnado-alumnado; a partir de temas suxeridos nas mostras reais de fala, con preguntas directas, por exemplo, ou suscitando debates, diálogos, sempre orientados á integración do aprendido.

En definitiva, trátase dunha metodoloxía moi activa e participativa, na que o profesorado é un facilitador de aprendizaxe, que ten que conseguir a motivación no alumnado con estratexias e recursos atractivos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Aprendizaxe colaborativa	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Aprendizaxe colaborativa	X

Observacións:

Aprendizaxe activa e colaborativa: apoiarémonos en ocasións en estruturas de aprendizaxe cooperativa, de forma que, a través da resolución conxunta de tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias empregadas pol@s compañeir@s e poidan aplicalas a situacións similares.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Representacións teatrais	Asistencia a unha representación dunha obra de teatro		X	
Obradoiro de cante alentejano	Práctica de comprensión oral e escrita e expresión oral a partir de música tradicional do Alentejo.	X		
Saída didáctica a Ponte de Lima	Saída guiada a Portugal.			X

Observacións:

Asistencia a unha representación teatral a través do Instituto Camões nun instituto de Galiza ou norte de Portugal, para o alumnado de Portugués de 1º, 2º e 3º ESO.

Outras actividades:

- Celebración do 25 de abril.
- Exposición de traballos, en diferentes momentos do curso, para dar visibilidade ao traballo do alumnado de portugués.
- Conmemoración do Día dos Namorados co fin de dar a coñecer autoras e autores en lingua portuguesa que tratan esta temática dende distintos puntos de vista.
- Encontros / obradoiros con escritoras ou escritores. Este curso procuraremos contar coa presenza de Silvia Penas co seu libro: O RESTO É CEU

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Concreción e precisión dos métodos empregados

Descrición:

Ao longo de todo o curso poderán modificarse e subsanarse certos contidos que se irán concretando nas diversas unidades didácticas

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Esta competencia adquirese, fundamentalmente, cando se achega o alumnado ás manifestacións culturais dos países de lingua portuguesa e as creacións artísticas, literarias, etc., de autores lusófonos. A creatividade desenvolve o sentido polo valor que teñen as diferentes expresións culturais, no abano que vai desde as convencionais até aquelas que incorporan recursos novos relacionados coas TIC, que até hai uns anos resultaban impensables. Desde esta perspectiva é desde onde se busca a incorporación da competencia de conciencia e expresións culturais.

9. Outros apartados

1. Intercambio

Procurarase desenvolver unha xornada de intercambio con algún centro de ensino portugués (Melgaço...) para que poidan vivir e intercambiar experiencias de todo o aprendido durante o curso ou cursos previos.